

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
Documento CON1111FA	Expediente CON/37/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantil do parque de Outeiro de Sar. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE.

TIPO DE LICITACIÓN: 120.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de outubro de 2017, ás 9.20 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D^a Concepción Fernández Fernández, representante do grupo CA.
 D^a. María Corral, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
 D. Gregorio López Albaronedo, xefe de parques e xardíns.
 D^a. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	20/10/2017	46.394	B60961554 LAPPSET ESPAÑA VR SL
2	23/10/2017	46.704	B15081847 CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL
3	24/10/2017	46.839	B27182682 CALFENSA PROYECTOS, S.L.
4	25/10/2017	47.087	B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SLU
5	26/10/2017	47.304	A58620808 HPC IBERICA SA

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumplimentada.

A continuación lévase a cabo a apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos, resultando que a empresa CONSTRUCCIONES CERNADAS sobrepasa (32) o número máximo de folios (30) permitido polo prego na súa cláusula 13.3. o que conleva, como alí tamén se sinala, a súa exclusión da licitación:


*"As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores (30) serán automaticamente **excluídas** da licitación".*

A mesa acorda o traslado da documentación das empresa admitidas ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
Documento CON1111FA	Expediente CON/37/2017	

15078DCON1111FAe



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantil do parque de Outeiro de Sar. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE.

TIPO DE LICITACIÓN: 120.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 5 de decembro de 2017, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais:

- Dna. Marta Lois, representante do grupo CA.
- Dna. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Francisco Reyes, representante do grupo PSOE.
- D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
- D. Gregorio López Albaronedo, xefe de parques e xardíns.
- Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompaña-se a esta acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa, que se amosan conformes co seu contido e conclusións, tras unha breve exposición e aclaración realizada polo técnico redactor.

Déixase constancia en todo caso, e a solicitude da viceinterventora, das observacións feitas ó prego de aplicación no seu informe de fiscalización previo á aprobación do expediente, no que xa se advertía das dificultades que poderían surxir na licitación polo que alí se consideraba como indefinición do obxecto do contrato.

Do devandito informe de valoración resulta que as empresas CALFENSA PROYECTOS SL e ZONA DE OBRA O ROSAL SLU, non cumpren o taxativo requirimento do prego técnico de aplicación, que no seu punto 5 sinala que "*os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001*", en concordancia co criterio 2 dos definidos no prego de cláusulas administrativas como non avaliados mediante cifras, que determina que será nesta fase onde se presenten "*os correspondentes documentos de características técnicas do fabricante*". Polo tanto, e de conformidade co informado, a mesa acorda a súa exclusión da licitación.

As 9.19 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CON1111FA	<i>Expediente</i> CON/37/2017	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantil do parque de Outeiro de Sar. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE.

TIPO DE LICITACIÓN: 120.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 14 de decembro de 2017, ás 10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Noa Morales Sánchez.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Gregorio López, xefe departamento parques e xardíns.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste un representante da empresa LAPPSET ESPAÑA.

En primeiro termo, o secretario da mesa da traslado ó publico asistente do nome das empresas presentadas, das excluídas na primeira fase de revisión e valoración da documentación técnica e da puntuación obtida polas admitidas.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos dous licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	Mellora servizo de mantemento anos adicionais	Mellora ampliación prazo de garantía anos adicionais
1	LAPPSET ESPAÑA VR SL	119.982,87	3	3
5	HPC IBERICA SA	117.922,89	3	3

En consecuencia, quén acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta máis vantaxosa das presentadas é o licitador HPC IBERICA SA.

Polo tanto, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador LAPPSET ESPAÑA VR SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **119.982,87 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CON1111FA	<i>Expediente</i> CON/37/2017	

15078DCON1111FAe



obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:14 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CON1111FA	<i>Expediente</i> CON/37/2017	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantil do parque de Outeiro de Sar. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE.

TIPO DE LICITACIÓN: 120.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 11 de xaneiro de 2018, ás 10:28 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: Dna. Noa Morales, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gregorio López, xefe departamento parques e xardíns.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, LAPPSET ESPAÑA VR SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión a favor do mencionado licitador.

Ás 10:33 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

